



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVIO: 16/12/2019

TIPOLOXÍA: NEVE

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN NO NIVEL DE ALERTA.

NIVEL DE ALERTA: LARANXA/AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no seu Boletín 113/71GAL, emitido ás 09:33 hora oficial do 16/12/2019, dun fenómeno meteorolóxico adverso **LARANXA por NEVE** que afectará ás zonas de **Lugo (Montaña) e Ourense (Montaña, Sur)**, por acumulación de neve de ata 20 cm en 24 h, a partir das 12.00 horas do luns 16/12/2019 ata a madrugada/primeiras horas do día 17/12/2019. Esta cota de neve baixará aos 500-600 m, pero as acumulacións de 20 cm serán por enriba dos 900-1000m. Para a zona de **Ourense (Sur)** a cota de neve sitúase sobre os 500-600 m, estimándose que o espesor acade os 10-15 cm en cotas superiores ós 700-800 m.

Por outra banda a AEMET no seu boletín 336/71 GAL, emitido as 09:33 hora oficial do 16/12/2019, informa dun fenómeno meteorolóxico adverso **AMARELO po NEVE** que afectará as zonas de **Lugo (Centro, Sur) e Pontevedra (Interior)** por acumulación de neve en 24 h de 4 cm en cotas superiores aos 500-700 m, estando previsto que se inicie ao mediodía do 16/12/2019 e que remate as primeiras horas do día 17/12/2019. Na zona do Deza e Chantada este espesor se acadará sobre os 500-700 m, aínda que é probable que localmente se supere por enriba dos 700-800 m valores superiores aos 5 cm.

POLO QUE A DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR COMUNÍCALLES QUE, EN PREVISIÓN DESTES FEITOS: Adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e no seu caso ALERTEN ou MOBILICEN ós medios e recursos dispoñibles.

Ante calquera emerxencia chame ó 112

- No caso de precisar información máis puntual ou detallada, chame ao CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Rev2



Xacobeo 2021

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias112
Galicia

